

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

<b>EXPEDIENTE</b>	<b>2023041666</b>
<b>ASUNTO</b>	Autorización de prórroga de autorización de obras na zona de influencia das estradas provinciais
<b>TRÁMITE</b>	Resolución

O deputado delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais, no exercicio das competencias delegadas pola Presidencia mediante as Resolucións Presidenciais nº 2019012988 e 2019014186 de datas 15 de xullo e 1 de agosto de 2019, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

### Antecedentes:

1.- O día 2 de maio de 2022 o Concello de Cerdedo - Cotobade, presentou no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra unha solicitude de autorización para execución das obras do proxecto “Humanización e mellora das infraestruturas no núcleo de Os Castros” na parroquia de Quireza, que afecta á estrada provincial E.P. 7102 Serrapio - A Portela ( p.q. 4 + 115 m.e.).

O Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra emitiu a autorización núm. 2022031734, na que se estableceu un prazo dun (1) ano para a realización de ditas obras. Esta autorización foi notificada o día 30 de xuño de 2022.

2.- En data 6 de xuño de 2023 o Concello de Cerdedo - Cotobade solicita prórroga da autorización núm. 2022031734.

3.- O enxeñeiro responsable da zona en data 12 de xuño de 2023 informou favorablemente a concesión da prórroga solicitada.

### Consideracións:

O artigo 116.1 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia dispón que: “*As obras ou instalacións autorizadas deberán executarse dentro dos prazos que determine a propia autorización, e esta terá a consideración de caducada en caso contrario ou se non se iniciase a actividade autorizada no dito prazo.*”



## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

*O prazo concedido para a execución material dos traballos necesarios para a realización das obras ou instalacións autorizadas non será, en ningún caso, superior a tres (3) anos”.*

Por todo o exposto anteriormente, e en base á normativa citada **RESOLVO**

Autorizar a prórroga da autorización núm. 2022031734 ao Concello de Cerdedo - Cotobade, para a execución das obras do proxecto “Humanización e mellora das infraestruturas no núcleo de Os Castros” na parroquia de Quireza, que afecta á estrada provincial E.P. 7102 Serrapio - A Portela (p.q. 4 + 115 m.e.).

*Documento datado e asinado dixitalmente*

*Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso, potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación (artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que considere procedente.*

